



Expediente n.º 10511/2023

Asunto: LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E DATA DA PROBA PRÁCTICA. PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN CON FUNCIONARIO/A INTERINA/O DA PRAZA E POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/A, E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

No Boletín oficial da provincia de Pontevedra de 12 de decembro de 2023 publicouse anuncio das bases e convocatoria para a cobertura con funcionario/a interino/a do posto de asesor xurídico do Concello de Ponteareas, e crear unha bolsa de traballo. O prazo para a presentación de solicitudes foi de 5 días hábiles computados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Os requisitos de participación, documentación a presentar, sistema selectivo e demais condicións, establécense nas bases. O prazo para presentar instancias comprendeu dende os días 13 a 19 de decembro de 2023.

Por Resolución de alcaldía n.º 3312 de 23 de decembro de 2023 publicouse no taboleiro de anuncios electrónico a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, e de conformidade coa base 6ª das bases de selección, abriuse un prazo de subsanación de deficiencias de tres días hábiles dende o 26 de decembro ata o 28 de decembro de 2023 (incluídos). Esta resolución foi publicada no Taboleiro electrónico de anuncios do Concello.

No prazo de alegacións á lista provisional de admitidos e excluídos non se presentou ningunha, por isto, de conformidade coas bases 6ª, 7ª e 8ª das bases de selección, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso de provisión con funcionario/a interino/a do posto de asesor xurídico do Concello de Ponteareas:

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

ASPIRANTE	DNI
ISIDRO SUÁREZ PERTIERRA	X10X48XXX
MARÍA DEL PILAR CARO FDEZ.	X6X2X03XX
RAFAEL RIVERO ÁLVAREZ	X61X7X2XX
BEATRIZ PIÑEIRO GONDAR	X5X5X1X6X
JACOBO MOREIRA FERRO	XX29X29XX
MOISÉS MARTÍNEZ GONZÁLEZ.	X55X5X1XX
SARA NOVEGIL AROSA	X7XX89X1X

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS

ASPIRANTE	DNI	INADMISIÓN
LOLA GHAZOUANI MONTERO.	X9X6X7X1X	Exclusión. Causa 2.
ANA MACARENA VILAS TOBAR	X4X8X6X5X	Exclusión. Causa 2.
ANTÍA GONZÁLEZ ÁLVAREZ	XX7X78X3X	Exclusión. Causa 2.





DIEGO FERNÁNDEZ REGUERO	X67X9X9XX	Exclusión. Causa 2.
AINARA MERA MANTECA	X54X3X0XX	Exclusión. Causa 2.
JORGE GABRIEL PHILIPPON DE ARRIBA	X55X4X6XX	Exclusión. Causa 1.

CAUSAS DE EXCLUSIÓN

1.) PRESENTAR A SOLICITUDE FÓRA DE PRAZO. A solicitude foi presentada con REXISTRO 2023-E-RE-7062. DATA 20/12/2023. SOLICITUDE PRESENTADA FÓRA DE PRAZO. O prazo de presentación comprendeu dende os días 13 a 19 de decembro de 2023.

2.) Non acreditar a posesión de Máster en acceso a avogacía nin superación do exame de acceso á avogacía. Incumprimento da base 3ª e) das bases de selección.

SEGUNDO. Nomear o tribunal de selección, formado polas seguintes persoas:

- **Presidente/a:** Carlos Potel Alvarelos, funcionario de carreira subgrupo A1, asesor xurídico do Concello de Ponteareas, actualmente en comisión de servizos como técnico de administración xeral na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- **Secretario/a:** Carlos López Quintáns, funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional, secretario do Concello de Ponteareas.
- **Vogais:**
 - Ana M^a Rial Acosta, funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional, interventora do Concello de Ponteareas.
 - Pablo Baena Calderón, funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional, secretario do Concello de Nigrán.
 - Yolanda Ortega Otero, funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional, secretaria-interventora do Concello de Mondariz.

TERCEIRO. Convócase aos membros do Tribunal de Selección para súa constitución o **día 10 de xaneiro de 2024 ás 8:00 horas, no Centro de Desenvolvemento Local (CDL)** sito na R/ Lomba do Cruceiro, 5, Ribadetea, 36866, Ponteareas. Unha vez constituído, realizarán a baremación da fase de concurso, que será previa á fase de oposición.

CUARTO. Convócase ás persoas candidatas admitidas para a **realización da proba práctica da fase de oposición**, que terá lugar o **día 10 de xaneiro de 2024 ás 10:15 na AULA 1 do Centro de Desenvolvemento Local (CDL)** sito na R/ Lomba do Cruceiro, 5, Ribadetea, 36866, Ponteareas.

As persoas aspirantes deberán presentarse aos exercicios previstas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade. Deberán ir previstas con bolígrafo de cor azul.

Os aspirantes que non comparezan a realizar a proba quedarán automaticamente excluídos do proceso selectivo.





A proba práctica da fase de oposición consistirá na superación dun exercicio práctico de carácter eliminatorio e obrigatorio que se avaliará cun máximo de 6 puntos. O exercicio consistirá na resolución dun ou varios suposto prácticos (cun máximo de catro) referentes ás funcións do posto que se convoca, que o Tribunal Cualificador determine, durante un prazo máximo de 3 horas e que estarán relacionados co temario incluído no ANEXO II das bases de selección.

A normativa aplicable á resolución do exercicio será a vixente ao tempo de realización do mesmo. Para o desenvolvemento do exercicio as persoas aspirantes poderán consultar textos legais en soporte papel.

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo Tribunal, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos; a precisión e o rigor técnico na formulación, exposición e resolución do suposto práctico exposto.

QUINTO. Publicar a presente Resolución no taboleiro electrónico (<https://ponteareas.sedelectronica.gal/info.0>) e na páxina web www.ponteareas.gal

SEXTO. Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigo 124 Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - Administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

A alcaldesa

María Nava Castro Domínguez

